

DO SAN CIBRAO AO SAN VÍTOR. A NECRÓPOLE DE BARXACOVA NAS FONTES ORAIS E ESCRITAS

VÍCTOR RODRÍGUEZ MUÑIZ*

Resumo: *San Vitor de Barxacova (Parada de Sil, Ourense) revelou ser, à vista dos resultados das escavações arqueológicas da última década, uma das maiores necrópoles rupestres do noroeste peninsular. O propósito deste artigo é analisar as informações que os textos e a tradição oral possibilitam para a compreensão da sua história, permitindo-nos saber do conjunto de mosteiros a quais a necrópole se vinculou, a continuidade medieval da igreja, o abandono e nova advocação modernos e, ainda, como evoluiu neste processo histórico a construção do território. Arqueologia, documentação e tradição oral constituem, portanto, três fontes de informação complementares para o conhecimento da necrópole e da sua relevância para as comunidades locais desde a Idade Média até aos nossos dias.*

Palavras-chave: *Necrópole; Território; Documentação; Tradição oral.*

Abstract: *San Vitor de Barxacova (Parada de Sil, Ourense) appears to be one of the largest cut-stone graveyards all over the NW of the Iberian Peninsula as it is shown by the archaeological researches developed for the last decade. The aim of this paper is to analyze the data that written sources and oral traditions provide, in order to understand its history and its relation with the local settlements. It will allow to learn about the set of monasteries the necropolis was related to, the church that went on, its final change of dedication and how its relation with the surroundings evolved. Archaeology, written sources and oral traditions are three complementary ways to get a proper knowledge about the graveyard and its meaning for the local communities from the Middle Ages up to nowadays.*

Keywords: *Graveyard; Territory; Document; Oral tradition.*

Coa publicación en 1914 do artigo *Una excursión a la Ribera Sagrada* Joaquín Arias Sanjurjo converteuse no primeiro estudoso en volver os seus ollos á necrópole do San Vitor de Barxacova¹. Mesmo coas imprecisións en que incorre no seu relato — pois identifica o lugar cun mosteiro de orixe visigoda desde o que terá irradiado o fenómeno monástico ás terras que se deron en chamar «Ribeira Sacra»² — o autor dá minuciosa conta do privilexiado emprazamento sobre o río Mao na desembocadura no Sil e describe o conxunto, co promontorio da capela e a serie de tumbas — en número de doce, sumando as adxacentes ao templo e as dez da parte inferior — que tiñan quedado á vista logo da apertura do camiño para a instalación do tendido

* Universidade de Vigo (Área de Historia Medieval). Email: victor_muniz@hotmail.es.

¹ ARIAS SANJURJO, 1914: 49-51.

² Convén lembrar como este nome, por máis feliz que poida resultar o equívoco á hora de denominar esta comarca caracterizada pola concentración monástica, procede dunha lectura indubidablemente errónea dun documento de 1124 — de por si considerado falso — no que dona Teresa de Portugal incluía a «Rovoyra sacrata» — carballeira sagrada, pois — na doazón ao mosteiro de San Xoán de Montederramo. Deféndeo así, entre outros, RIVAS FERNÁNDEZ, 2004: 61.

conducente á «Fábrica da Luz», central hidroeléctrica que nese momento entraba en funcionamento.

Trátase do primeiro texto en que se detalla este conxunto relixioso, o cal non obsta para que fose un lugar ben coñecido para a veciñanza dos arredores e, nomeadamente, para os moradores de San Lourenzo, a localidade máis inmediata ao enclave. Proba isto o lugar central que o San Vitor ocupa na tradición oral local, na que se conserva un repertorio moi vivo de lendas que explican a súa historia e relación coa contorna, dando con estas narracións resposta a quen e por que razón se enterraba na necrópole ou o motivo do seu esquecemento como lugar de culto e descanso eterno.

Se na historiografía tradicional sobre a Ribeira Sacra o eremitismo tivo moito peso á hora de interpretar as orixes dos diferentes mosteiros e igrexas que bordean os vales de Miño e Sil, nunca nas lendas e narracións orais dos veciños de San Lourenzo a necrópole aparece vinculada a ermitáns que se puidesen ter afastado do mundo neste lugar. Antes ben, todos os entrevistados a este respecto coinciden en indicar con rotundidade como o San Vitor era o lugar en que se enterraban «os da casa de Vil».

Ivil — na toponimia oficial — garda, en efecto, un estreito vínculo histórico con San Lourenzo. Mostra desta relación é a obriga, da que aínda se conserva memoria, que tiñan os veciños deste último lugar de acudir ás obras da ponte de Conceliñas — medieval e sita no límite do que outrora foi o termo de Ivil — sempre que houberse mester de ser reparada³. A comunicación entre esta aldea e a necrópole vese dificultada non tanto polo perfil do camiño, aberto a media ladeira sobre o canón do Mao — suave pendente que motivou que, coa construción da central hidroeléctrica, boa parte do seu trazado se acondicionase como canle para a antiga traída de augas — senón pola distancia que os separaba, superior aos 4 km e co inconveniente de ter que atravesar diferentes parroquias, nomeadamente as de Pradomao e Forcas, coa conseguinte obriga de satisfacer dereitos de paso polas mesmas. Ante a esixencia dos fregueses de Forcas, a negativa a entregar este pagamento por parte da comitiva fúnebre procedente de Ivil tería motivado outro episodio recollido nas narracións locais: unha discusión dirimida no chamado «rego das Porfías» — de nome máis que elocuente — e que, sen noticias de cal terá sido o destino do defunto, se saldou con que o *escano* ou padiola en que era transportado o cadáver ficou requisado en Forcas, en cuxa igrexa parroquial, pendurado a un lado do pórtico setentrional, os veciños de maior idade do lugar afirman telo visto tempo atrás.

³ Información referida por Finamor Vázquez Matías. Sirvan estas liñas como sinal de gratitude a el e a todos os veciños de San Lourenzo e, en xeral, de Parada de Sil, polas atencións prodigadas nestes últimos anos a todo o equipo de arqueólogos.

A «lenda do bispo», pola súa parte, narra o porqué do seu declive e definitivo abandono⁴. Segundo esta, o bispo, visiblemente irritado pola devoción que suscitaba o santo e a masiva afluencia de fieis aos oficios celebrados no templo rupestre, tería ordenado aos veciños que, no sucesivo, unicamente acudisen a misa e fosen enterrados na igrexa parroquial de San Lourenzo. Lonxe de ser unha tradición «inocente», casual, esta narración parece agachar — por máis que nunha visión popular dos feitos — as significativas transformacións no tecido eclesiástico que debeu traer consigo a reforma gregoriana que, entre outras cuestións estruturais, marcou o fin ou, cando menos, a lateralización destes templos rupestres en favor das súas respectivas parroquias, ás que se adscribían os fregueses en vida — quer no espiritual, coa administración dos sacramentos, quer no temporal, co pago de tributos como o décimo — e na morte, cando habían de repousar no cemiterio da súa correspondente freguesía.

Á luz destes relatos, o San Vitor teríase constituído nun antigo lugar de culto de grande devoción, co seu cemiterio asociado, vinculado en preferencia — se non de xeito privativo — aos moradores de Ivil, e que, coas grandes reformas relixiosas no tránsito dos séculos XI a XII, tería decaído en favor da igrexa parroquial de San Lourenzo, ficando reducido a unha humilde capela. Un relato sen dúbida atractivo, coherente e verosímil, pero que — adianto — non encontra correspondencia nas fontes escritas, que describen unha configuración territorial máis complexa e un recorrido histórico tortuoso no que a este enclave se refire.

Cómpre advertir a concorrencia de varias dificultades á hora de afondar no coñecemento deste lugar desde unha perspectiva documental: por unha parte, a ausencia de calquera mención expresa á existencia da necrópole e, por outra — tal vez causante da anterior — o feito de tratarse, agás contadas excepcións, de textos dunha cronoloxía claramente máis tardía, pleno e baixomedievais cando non modernos.

As fontes escritas de maior significación para a necrópole e o seu contexto proceden das coleccións documentais dos dous principais mosteiros da súa contorna: Santa Cristina de Ribas de Sil e Santa María de Montederramo.

Se ben non se conservan na fábrica monástica de Santa Cristina elementos anteriores ao século XII — a igrexa, datada en 1199, enmárcase nun estilo tardorrománico, ao igual que o arco de acceso ao claustro, reconstruído este no século XVI cunha evidente influencia renacentista — a súa existencia está testemuñada no X e diversos documentos — de cuestionable autenticidade paleográfica, por máis que o seu contido si teña verosimilitude — permiten retrotraer a súa fundación á centuria anterior⁵. Deste

⁴ Información recollida por Mercedes Martínez, a quen agradezo a transmisión da lenda.

⁵ É o caso dun memorial sen data pero de factura moderna no que se refiren diversas doazóns de igrexas entre os anos 862 e 916. Dubidoso formalmente, o seu contido, porén, está acreditado pois trátase das igrexas sobre as que desde antigo Santa Cristina exerce os seus dereitos, e as referentes ao territorio auriense son aquelas que conformarán o seu couto: Parada, Paradela, Edrada e a propia do mosteiro (RODRÍGUEZ MUÑIZ, 2010: doc. n.º 129).

xeito, Santa Cristina e a necrópole de San Vitor terían solapado as súas cronoloxías, cunhas orixes moi próximas no tempo.

Máis significativa é a delimitación do couto dentro do cal o mosteiro de Santa Cristina exerceu os seus dereitos como señor desas terras que era. Privilexio de concesión real, a primeira noticia sobre un espazo acoutado propio do mosteiro data do século XIII — por tanto, posterior ao abandono da necrópole: Afonso X confirma en 1265 o outorgado polo seu pai Fernando III en 1249, cuxo orixinal non se conserva⁶. O interesante desta concesión de couto son os termos en que se realiza: a demarcación do territorio efectúouse «por averiguación de homes bos», e segundo os termos antigos que se fan remontar ao emperador don Afonso, isto é, a Afonso VII.

O espazo que a concesión de couto demarca correspóndese mimeticamente co actual concello de Parada de Sil. Establece como límite oriental «ubi intrat riuulo Mayore in Sile» — a desembocadura do río Mao no Sil —, para remontar despois o primeiro, o que implicitamente supón que a necrópole se encontraba dentro do dominio do mosteiro de Santa Cristina. En teoría, cando menos, pois a práctica indica unha realidade ben diferente. A relación e precisión dos varios puntos que se utilizan como límite do couto é moi distinta entre a parte occidental do mesmo — onde están ben definidos — e a oriental, máis espazados e vagos, e a sospeita sobre a autenticidade do contido no diploma — por máis que as sucesivas confirmacións reais naturalizasen a súa validez — ratifícase coa visión dos diferentes coutos na Idade Moderna e, en concreto, no Catastro do Marqués de Ensenada, a máis fiable averiguación fiscal da Coroa de Castela para tal período: a metade oriental do suposto couto subtráese do dominio de Santa Cristina e corresponde na súa práctica totalidade ao señorío do mosteiro de Santa María de Montederramo.

Tras varias décadas como bieito baixo a advocación a San Xoán, Montederramo aparece como casa cisterciense probablemente desde 1153⁷, e con toda certeza desde 1163, cando se di que nel se segue a regra bieita *et institutionem Cisterciensium fratrum*⁸. O paso ao hábito branco, a máis de conlevar a habitual advocación mariana grata aos monxes cistercienses, acompaña máis ou menos polas mesmas datas o reasentamento da comunidade augas arriba do río Mao desde o seu primitivo lugar de Seoane Vello. O novo mosteiro constrúese nunha zona de penechaira a unha considerable altura, na cota dos 900 m, o que converte as terras circundantes en especialmente aptas para pastos e cultivo de cereal, pero motivará que os monxes procuren o abastecemento doutros produtos — castaña e, sobre todo, viño — en terras que sexan para isto máis propicias: ao sur, no val do Tâmega, e ao norte, nas ribeiras do Sil. Este último

⁶ RODRÍGUEZ MUÑOZ, 2010: docs.n.º 15 e 10, respectivamente.

⁷ SUÁREZ GONZÁLEZ, 2012: 98.

⁸ Bula de Alexandre III na que confirma bens e dereitos ao mosteiro de Montederramo e o acolle baixo a protección da Santa Sé (ACO. Pergameos monacais, *Santa María de Montederramo*, doc. n.º 7).




Fig. 1. Couto do mosteiro de Santa Cristina

Fuente: elaboración propia

dominio articularase no denominado «couto de Chandrexas», termo que recolle precisamente aquelas zonas só nominalmente baixo dominio do mosteiro de Santa Cristina: as parroquias de Pradomao e Forcas na meseta e as de Sacardebois e parte de Chandrexas na ribeira. A máis de por unha decidida política de adquisicións nesta serie de freguesías ao longo do século XIII, o seu dominio sobre estas terras abertas ao Sil farase efectivo coa absorción de varios pequenos mosteiros, entretanto extintos, que pasarán á súa dependencia: os de Santo Adrao, San Miguel e San Cibrao.

Os catro *monasteriolo*s de Ribas de Sil — os tres arriba enumerados máis o de San Lourenzo, que tomará un camiño diferente — supoñen, con toda probabilidade, o máis acabado exemplo de congregación de mosteiros no noroeste peninsular⁹. Moi mal documentados durante o seu período altomedieval — naquel en que tiveron entidade propia — deben ter chegado aos albores do século XII depauperados e cunhas comunidades reducidas á súa mínima expresión, co que ningún deles sobreviviu como casa independente á reforma beneditina. Non axuda ao seu coñecemento nin a escaseza de diplomas que falen destas comunidades nin a tipoloxía dos textos, pois xunto aos reais ou papais que sobre eles dispoñen unha vez extintos, as que chegaron ao presente

⁹ Un caso semellante coñécese no Bierzo, onde o mosteiro de San Pedro de Montes está acompañado por tres igrexas, dedicadas á santa Cruz, san Martiño e san Cebrián (DURANY CASTRILLO, 2006: 43-44).



Fig. 2. Localización dos *monasteriols* de Ribas de Sil

Fuente: elaboración propia

son referencias illadas a integrantes das súas congregacións, e resulta excepcional a existencia dun único documento emanado desde estes mosteiros que — como se verá — achega valiosa información sobre dous deles, os de Santo Adrao e San Miguel.

Estas limitacións non impiden apreciar unha estreita relación entre as catro casas, inclusive desde unha perspectiva xeográfica pois compartían un moi reducido espazo na confluencia do río Mao no Sil como varios documentos o poñen graficamente de manifesto¹⁰. Así, cando en 1152 Montederramo recibe o mosteiro de San Miguel, exprésase como o seu termo «exterminat cum illo monasterio Sancti Cipriani et Sancti Laurencii et Sancti Adriani», o que se ratifica tres anos despois, cando o rei Fernando II sanciona o destino de San Lourenzo, xa que este se describe como situado «inter duos monasteria, scilicet Sancti Cypriani et Sancti Adriani».

Nada se pode afirmar con garantías sobre o momento e circunstancias da fundación destas casas — *verbigratia*, se se produciu en conxunto ou secuenciada — nin sobre a relación que se terá establecido entre elas, pero o feito de que, cando

¹⁰ Cómpre subliñalo pois diversos estudos dan localizacións diferentes, do que é paradigmático o caso do San Lourenzo, que Freire Camaniel sitúa no lugar do Mosteiro, concello da Pobra de Trives (FREIRE CAMANIEL, 1998: 901) e Ferro Couselo en Siabal, Paderne de Allariz (FERRO COUSELO, 1967: 209).

menos, Santo Adrao e San Cibrao se sitúen baixo cadanseu abade permite pensar en que han de considerarse en pé de igualdade, sen unha xerarquía evidente. Fica a dúbida de cal terá sido a condición do San Lourenzo, o único completamente indocumentado con anterioridade á doazón real no século XII.

Finalmente, o documento propio referido liñas arriba permite aseverar que o último dos mosteiros, o dedicado a san Miguel, foi lugar de retiro dunha comunidade feminina. O texto, datado en 955 e conservado por copia no *Tombo de Celanova*¹¹, recolle a entrada en relixión de Aseredo Armentáriz como profeso en Santo Adrao — rexido na altura polo abade Tandino —, a onde doa a metade das súas herdades, pois a outra porción correspondía á casa de San Miguel, «ubi filia ipsius cum aliis mulieribus sanctimonialibus habitabat». O abandono dos hábitos por parte do dito Aseredo — quen fuxira do mosteiro «sagita diaboli vulneratus... et ad desideria seculi devolutus» — resólvese co reparto de varios dos bens deste, sitos a ambos lados do Sil, en tres partes iguais: unha para cada un dos mosteiros e unha terceira en beneficio do propio san Rosendo.

Esta sorte de *pléiade* de mosteiros comparte tamén o destino de, unha vez extintos por desaparición da súa comunidade ou suprimidos na secuencia da reforma beneditina, teren pasado á dependencia doutras institucións.

Os testemuños inicianse co diploma polo que, en 1152, o mosteiro de San Miguel é doado a un Montederramo a piques de se converter en casa cisterciense. En calquera caso, cómpre pensar que o proceso de entrega destes *monasteriolos* a outras mans se tivese comezado non con esta casa senón coa de San Lourenzo. Ao respecto desta o escrito máis antigo data de 1155, cando Fernando II o pon na posesión do seu crego Roi Méndez e os seus herdeiros, mais esta cesión non supón un acto *ex novo* senón a confirmación da doazón — da que non se coñece o texto orixinal nin, en consecuencia, a data — que Afonso VII tiña feito a Mendo Méndez, pai do agora beneficiario¹². O recorrido da cesión sanciónase en 1187, cando os fillos deste Mendo Méndez — entre eles, o Roi Méndez que recibira a confirmación rexia — deciden conxuntamente a súa entrega á orde de San Xoán de Xerusalén na figura do seu comendador Pedro Fernández¹³.

San Lourenzo quedará así vinculado á orde hospitalaria, inicialmente con entidade de seu¹⁴ e integrándose na Encomenda de Quiroga cando menos desde o século XVI, a través da bailía sita na veciña localidade de Cristosende (A Teixeira)¹⁵. En San Lourenzo, a orde de San Xoán exercerá tanto a xurisdición espiritual como a temporal,

¹¹ ANDRADE CERNADAS, 1995: doc. n.º 511.

¹² GARCÍA TATO, 2004: doc. n.º 11.

¹³ GARCÍA TATO, 2004: doc. n.º 43.

¹⁴ Aparece referido como bailía en 1318 (ACO. *Pergameos monacais, Santa María de Montederramo*, doc. n.º 1984) e como *comenda* en 1365 (AHN. *Clero secular- regular*, carp.1496, doc. n.º 12).

¹⁵ GARCÍA TATO, ÁLVAREZ ÁLVAREZ, 2010: 18, (nota 1) e 178-179.

do que é testemuña a chamada «casa da Cadea Vella», unha construción con elementos arquitectónicos reaproveitados — entre eles, un escudo que cómpre identificar como unha variante da representación heráldica de Quiroga — que posiblemente refire o lugar en que se exercían os dereitos señoriais por parte da Orde. A máis do propio San Lourenzo — e, en concreto, do barrio da Torre dentro del, pois o circuíto deste señorío abarcaba unicamente a igrexa e as casas a norte da mesma e deixaba fóra o lugar do Horto¹⁶ — a Encomenda tiña diversos bens materiais na aldea de Barxacova e dereitos plenos sobre un anexo de San Lourenzo: Santa Lucía de Ivil. A vinculación estreita entre San Lourenzo e Ivil — recórdese o dito no apartado correspondente á tradición oral — debe ter a súa orixe no mundo altomedieval, probablemente nunha posesión que o entón mosteiro de San Lourenzo tivese de seu e que se consolidou coa doazón de que foi obxecto no XII, levándoa consigo. Independentemente da súa orixe, a relación entre ambos está testemuñada ao longo de todo o período, como se aprecia no preito, en 1563, entre a Encomenda e Montederramo pola posesión de Ivil — entón referido como granxa¹⁷ —, favorable a Quiroga por canto esta continuará a aforar o lugar ao longo do período moderno. Máis expresivo da identidade entre San Lourenzo e Ivil é o nome co que a documentación medieval refire esta administración da orde hospitalaria: *San Lourenço de Viin* — de Ivil, pois — [vid. nota 14], retrasando o seu epíteto «de Barxacova» ás reformas territoriais contemporáneas.

A diferenza de San Lourenzo — tal vez motivada esta excepcionalidade por ter sido o primeiro dos mosteiros en ser doado, escapando así ao destino común aos outros tres — os restantes *monasteriolo*s foron anexionados ao longo do terceiro cuarto do século XII a Montederramo. A primeira en ser absorbida foi a antiga casa feminina de San Miguel, entregada por carta de Afonso VII datada en marzo de 1152¹⁸. A doazón incluía non só o edificio monástico senón tamén os seus dereitos sobre as terras circundantes, pois especificáanse no texto os límites do seu termo, que ha de corresponderse co «couto de Barxacova» que aínda no XVIII se diferenciaba do seu limítrofe de Chandrexa por máis que ambos estivesen na posesión e señorío do mosteiro de Montederramo. Outra especificidade deste couto de Barxacova, que abrangía a localidade epónima — agás o barrio de Espartida — e as de Valdaión e Rabotesón — desaparecidas trala construción do encoro no Sil — é que nel o dominio de Montederramo érao só no referente á xurisdición civil, pero non na relixiosa, na que dependía de San Lourenzo e, por iso, da Encomenda de Quiroga¹⁹.

¹⁶ A mínima dimensión do enclave sobre o que, no núcleo de San Lourenzo, tiña couto a Orde confirmase no Catastro do Marqués de Ensenada. Neste afirmase como o perímetro do acoutado non tiña unha lonxitude maior a 120 pasos, cuns eixos N-S e W-E de unicamente 40. (AGS. *Catastro del Marqués de Ensenada*, libro 229, fol.260v)

¹⁷ GARCÍA TATO, 2004: 578.

¹⁸ AHN. *Clero secular- regular*, carp.1481, doc. n.º 10. (RECUERO ASTRAY *et al*, 1998: doc. n.º 145; PARADELA (1933-5): 203-205).

¹⁹ AGS. *Catastro del Marqués de Ensenada*, libro 229, fols. 272r e 278r, respectivamente.

Na bula de 1163 na que o papa Alexandre III acollía o mosteiro de Montederramo baixo a protección da Santa Sé San Miguel aparece caracterizado como *grangia*, se ben este termo parece pouco definitorio na redacción: coa excepción de Pradomao, referido como vila, todos os bens terrenos que se recoñecen ao cenobio fano baixo este termo de granxa, incluídos aí os antigos mosteiros de San Cibrao e Santo Adrao²⁰. De ter sido efectiva a conversión do San Miguel en granxa esta non prosperou, pois ao longo da Idade Media o topónimo identifica unicamente unha aldea cos seus terreos de cultivo — viñado, de xeito principal — sitos na aba do monte que desde o San Lourenzo descende ao Mao, onde aínda na actualidade se poden apreciar ruínas das antigas construcións e, entre elas, unha de sólidos muros que a tradición local identifica como os restos da capela coa que outrora contou o lugar.

O que si se consolidará como granxa é o antigo mosteiro de Santo Adrao. Un memorial moderno de Montederramo²¹ afirma a súa fundación no ano 925²² por un abade de nome Froila, ao que houbo de suceder o Randino de que deixou constancia o documento de 955 en que se fala da condición feminina de San Miguel. Non se coñece máis dato ningún para Santo Adrao desde este momento e ata a súa anexión a Montederramo, que houbo de se ter producido con anterioridade a xullo de 1168 por canto se inclúe expresamente este antigo *monasteriolo* entre a relación de propiedades que o monarca Fernando II tiña doado a Montederramo e neste intre lle confirma e acouta²³.

Ao longo da Baixa Idade Media e no período moderno xerárase unha importante colección diplomática arredor desta granxa, que se estableceu como o lugar desde o que o mosteiro de Montederramo xestionaba a súa serie de propiedades nas ribeiras do Sil, sendo asemade un importante centro de recepción de rendas. A primeira referencia conservada a este respecto dátase en 1252, cando entre as condicións dun foro se estipula que os receptores han de satisfacer seis xornadas de traballo — searas — a Santo Adrao²⁴. Noutro aforamento, xa en 1303, confírmase a presenza de monxes á fronte desta granxa coa mención, entre os asinantes do contrato de arrendo, dun «frei Joham de Santo Adrao»²⁵. Posiblemente a presenza dunha pequena comunidade

²⁰ A bula, no caso de se ter efectivamente levado a termo o nela disposto, viría anteceder en varios anos as doazóns rexias sobre estes dous enclaves.

²¹ AHPOu. *Clero*, libro 409 -*Tombo Novo*-, fol. 230-r.

²² Pódese considerar o *stauratum* do texto como un «restauratum» (FERRO COUSELO, 1967: 207) que non falaría dunha fundación *ex novo* e si dunha restauración. En favor desta teoría xoga a existencia dun documento, supostamente datado no 922, no que o bispo san Rosendo recibe, entre diversos bens, a metade do vilar de *Molas* que linda co río Mao «ad cellario fratres Sancti Adriani» (ANDRADE CERNADAS, 1997: doc. n.º 173, p.241-2). Freire Camaniel indica a plausible posibilidade de que o copista autor do tomo tivese obviado o L aspado no X, convertendo a data no ano da era do 960 no 990 e, polo tanto, no 952 do calendario actual (FREIRE CAMANIEL, 1998: 865, nota 1013).

²³ DURO PEÑA, 1972: doc. n.º 267.

²⁴ ACO. *Pergameos monacais, Santa María de Montederramo*, doc. n.º 890.

²⁵ Non debe considerarse ese cualificativo de *Santo Adrao* como un lugar de nacemento do confirmante senón de profesión, pois inmediatamente a continuación entre as testemuñas aparece referido *frey Martino de Santa Christina* (ACO. *Pergameos monacais, Santa María de Montederramo*, doc. n.º 1763).

monástica encargada de realizar estas tarefas administrativas e de xestión de bens teña conducido a que, popularmente, este Santo Adrao sexa coñecido como «O Priorado»²⁶, sen que conste tal promoción á condición prioral en momento ningún do período medieval.

A nómina destes catro *monasteriols* péchase co de San Cibrao, para o que, ao igual que acontecía en Santo Adrao, se sabe da súa condición como abadía ao longo da Alta Idade Media. O primeiro abade que deste mosteiro se coñece pode ser o «Adaulfus abbas in loco de Sancto Cipriano» que aparece como confirmante en xaneiro do 977 ao outorgamento do testamento de san Rosendo²⁷, mentres o último documentado — e posiblemente o derradeiro da casa — ha de ser o «Gundisalvus abbas de Sancto Cipriano» que asiste a unha entrega ao mosteiro de San Salvador de Celanova de bens sitos nesta mesma terra de Caldelas, en febreiro de 1095²⁸. Entregado por doazón rexia a Montederramo en 1170, o tortuoso da súa existencia baixomedieval e a relación que garda coa necrópole aconsellan volver sobre esta casa de San Cibrao, con maior detalle, en próximos parágrafos.

Aos *monasteriols* ata aquí referidos cómpre, en puridade, acrecentar un quinto e último lugar de actividade espiritual nesta mesma contorna do canón do río Mao: o San Salvador. Considero que se pode identificar este lugar con aquel en que se terían acollido os «anacortes Dei Sancti Salvatoris Ripe Silis» mencionados nun preito entre o frade Vimara e o conde Mendo González pola posesión da igrexa e herdades de San Pedro de Laroá (Xinzo de Limia), supostamente datado en 1054 e copiado no tombo de Celanova²⁹.

Analizado en detalle o texto por Freire Camaniel³⁰, concordo co autor á hora de cualificar como falso — ou, cando menos, falseado — este documento, que se tería redactado con posterioridade a aquela data para xustificar as pretensións do mosteiro de san Rosendo sobre a igrexa de Laroá³¹. Independentemente dos dereitos que tivese — ou pretendese ter — Celanova sobre a igrexa, discrepo da interpretación

²⁶ Existe no lugar un conxunto de voluminosos edificios cuxa construción se data a mediados do século XVII (RIVAS FERNÁNDEZ, 2004: 63) e nos que se asentou a granxa ata os procesos desamortizadores do século XIX. Nunha das dependencias — actualmente rehabilitada como vivenda particular — consérvase unha xanela xeminaada e trilobulada, así coma tres modillóns do edificio tardomedieval.

²⁷ FREIRE CAMANIEL, 1998: 804, seguindo a Yepes e Díaz y Díaz.

²⁸ ANDRADE CERNADAS, 1995: doc. n.º 227.

²⁹ ANDRADE CERNADAS, 1995: doc. n.º 267.

³⁰ FREIRE CAMANIEL, 1998: 202-6.

³¹ Así o refire tamén Andrade Cernadas na súa edición do texto (ANDRADE CERNADAS, 1995: 388 e nota 108) seguindo a interpretación a este respecto de Isla Frez, ao que cómpre engadir a dubidosa cronoloxía para algún dos personaxes referidos. A súa elaboración — aínda que faga referencia a feitos máis antigos e talvez datados por volta dese ano de 1054 — debe ter tido lugar no século XII, cando o mosteiro estaba inmerso nun conflito coa diocese auriense no que Celanova pretendía manter os dereitos espirituais sobre as terras do seu dominio inmediato, que finalmente e tras longas décadas se saldará coa concesión ao mosteiro da condición de arcediago. É nesta liña que deben ser consideradas as referencias á *Ovetanense sedis*, pois era en Oviedo que Celanova tiña un dos seus máis relevantes apoios (PÉREZ RODRÍGUEZ, 2002: 401).

que Freire Camaniel realiza sobre o sentido do texto. Segundo este autor, a resolución será favorable ao frade Vimara e contraria ao defendido polo conde, quen fala en nome dos monxes dun San Salvador que identifica co de Celanova. Isto deriva da súa negativa a aceptar a existencia da casa homónima *Ripe Silis*, xustificando a confusión textual nunha mala lectura de documentos do século X que os escribas terían tomado como modelo para elaborar este falso, e obviando para iso a referencia ao eremitismo explícita no diploma.

Considero que a narración — sexa esta falsa ou non no seu contido — non necesita desta reviravolta e pode ser interpretada cunha lectura máis lineal: na contenda acerca dos dereitos de Laroá o conde Mendo González é «dicente in voce anacortes Dei Sancti Salvatoris Ripe Silis», aos que supostamente tiña concedido a igrexa en testamento o rei Vermudo e desfrutaran da súa posesión ata a intromisión do frade Vimara. Este, pola súa parte, afirma a fundación da igrexa polos seus antepasados, narrando as circunstancias da súa creación e consagración. A sentenza foi favorable a este frade — probablemente, vinculado a Celanova, co que o mosteiro poderá fundamentar os seus dereitos sobre Laroá — e contraria á parte defendida polo conde, que se compromete a que nin el nin «qui ipsas cellas tenerint» — os ermitáns de Ribas de Sil, pois — han de perturbar esta resolución. Esta interpretación salva aínda o paradoxo que, na lectura de Freire Camaniel, supuña que Celanova, para a defensa dos seus intereses na dita igrexa, tivese elaborado ou manipulado un documento no que aparecía como parte perdedora. Considero así, con independencia da motivación para o seu concurso no proceso, que tal comunidade anacoretica nas ribeiras do Sil houbo de existir.

Coa necesaria prudencia derivada de se tratar dunha única mención, fala en favor desta posibilidade a pervivencia do topónimo — ao igual que acontece con todos os outros mosteiros que comparten este epíteto *Ripa Silis* que no texto se foron analizando, agás San Cibrao — dando nome a un souto a pouco máis dun quilómetro de San Lourenzo, augas arriba do Mao, sobre o que os veciños coinciden en sinalar un pasado vinculado á vida relixiosa no lugar. Inciden neste feito as fontes escritas, que aínda en 1570 refiren a condición como ermida deste San Salvador³².

Cómpre subliñar a definición que dos seus moradores se ofrece. Se San Cibrao e San Lourenzo aparecen baixo a dirección e disciplina dos seus respectivos abades, e San Miguel se erixe como comunidade de *sanctimoniales* — recórdese que San Lourenzo non está documentado neste período pregregoriano — o termo con que San Salvador é caracterizado non ofrece dúbida ningunha, pois non son «monxes» senón «anacoretas» os que nese lugar se acollen. Pode considerarse que teña sido unha casa

³² Neste souto consérvase a ruína dunha única edificación, que pola súa configuración non cabe asimilar a un templo. Coa eiva de non ter podido intervir no seu interior, unha cata arqueolóxica nas súas inmediacións deu como resultado a exhumación dun conxunto moi numeroso de fragmentos cerámicos de indiscutible adscripción medieval.

— posiblemente vinculada aos *monasteriolos* — destinada a un retiro espiritual máis estrito, temporal ou permanente, para quen así o desexase na súa vivencia relixiosa, e talvez garde cos restantes catro mosteiros de Ribas de Sil a mesma relación que o berciano de Santa Cruz coas outras casas vinculadas a San Pedro de Montes³³ ou a que, xa no século XV, o «hermitaño de Santa Catarina» tería co priorado de Rocas³⁴.

Non terá pasado desapercibido ao lector que neste recorrido histórico e documental o termo «San Vitor» non teña aínda saído a relucir. Ningunha referencia hai na Idade Media a esta advocación, e haberá que agardar ao século XVIII para encontrar testemuños documentais que remitan a este topónimo.

Dáse o paradoxo de existir un enclave relixioso e espiritual de primeira magnitude, innominado na Idade Media — o San Vitor — e un nome, o de San Cibrao, que téndose perdido o topónimo, carece dunha realidade física asociada. Defendo, con isto, que se pode establecer e xustificar unha identidade plena entre o San Cibrao medieval e o San Vitor unicamente referido nas fontes modernas e contemporáneas.

Un repaso á morfoloxía e localización do San Cibrao conduce a considerar que o territorio da antiga casa garda notorias semellanzas coa situación e configuración do San Vitor como hoxe en día se identifica. Cuestión significativa pode ser o epíteto *da Pena* que permanentemente acompaña o nome do San Cibrao na documentación pleno e baixomedieval e que ben pode tratarse do esporón rochoso en que se asentou a capela e ante o cal se dispón a necrópole. Xunto ao indicio desta concordancia semántica entre a denominación do antigo lugar e a realidade física do «novo» San Vitor, as referencias escritas ao marco xeográfico apuntan nesta mesma liña. Así, na doazón rexia sobre San Lourenzo, este aparecía circundado por Santo Adrao — na aba que cae ao Sil — e San Cibrao — que, por isto, ha de estar augas arriba do Mao. Non menos elocuente é o preito de 1365 entre o crego de San Cibrao da Pena e o «comendador e teedores da comenda de San Lourenço de Viin», na que o primeiro protestaba como estes últimos lle tiñan tornado a auga á que tiña dereito e que, como aínda hoxe acontece, só pode proceder dos mananciais situados ladeira arriba, no Montecide á cuxa sombra, a media encosta e nunha pendente íngreme no canón do Mao, se sitúa San Vitor, en correspondencia co monte *Penso* — tamén topónimo perdido — que na doazón de 1170 se describía para San Cibrao.

Convén retomar o recorrido histórico de San Cibrao, interrompido trala mención ao que pode ter sido o seu último abade como casa independente, o *Gundisalvus* referenciado en 1095, cando a reforma bieita estaba a se afirmar en territorio galaico³⁵.

³³ RIVAS FERNÁNDEZ, 1981: 59.

³⁴ RODRÍGUEZ MUÑIZ, 2010: doc. n.º 117.

³⁵ Segundo Mattoso pode darse por concluída a implantación da reforma na década de 1120 no caso concreto de Portugal, se ben as datas han de ser extrapolables aos restantes reinos occidentais peninsulares (MATTOSO, 1992: 260-261). Cómpre destacar, ao respecto da adopción da reforma no caso específico da Galiza, a obra de Andrade Cernadas (1997).

É de supoñer que o mosteiro ficou baleiro ou foi suprimido pouco despois, nos primeiros anos do século XII, e desde logo con anterioridade ao 1170. Neste ano Fernando II doa a Montederramo San Cibrao³⁶, descrito como igrexa e non como mosteiro, o que apuntala a idea de que carecese de comunidade — da mesma maneira que se sospeita para as outras tres casas, por máis que na doazón daqueles se faga constar unha condición monástica sen dúbida xa perdida.

A cesión rexia parece ter incomodado ao bispo de Ourense — ao que non debe ser alleo que Montederramo, co seu recente paso ao hábito branco, ficara á marxe da autoridade episcopal á que si estaban suxeitos os monxes bieitos —, quen protestou ante instancias vaticanas. A resposta de Urbano III chegou cunha bula datada en abril de 1186, que se refire en duros termos ao acontecido cos dous mosteiros que Fernando II tiña doado a Montederramo: San Cibrao e Santo Adrao³⁷. No texto pontificio recóllense os motivos da protesta do diocesano: Montederramo tíñase despreocupado dos bens destes *monasteriolos*, entregando parte do seu haber a leigos, e non manifestara interese en manter vida monástica en ningún dos dous, obviando o parecer do bispo auriense. Ante a gravidade das queixas, o papa ordenaba aos abades de Sobrado, Melón e Santo Estevo que velasen pola restitución de comunidade monástica nestas dúas casas de Ribas de Sil.

A resolución, con todo, non parece ter chegado a cumprirse. Santo Adrao constituíuse como granxa — co que a presenza de monxes no lugar non obedecía á instauración dunha comunidade individualizada e autónoma — e na continuidade do San Cibrao tampouco houbo lugar para unha nova congregación monástica.

En efecto, o antigo mosteiro continuará a súa existencia medieval unicamente como parroquia, como se testemuña cando menos desde 1257³⁸, momento no que o «*prelatus ecclesie Sancti Cipriani de Penna*» afora o monte do Verengo³⁹. Isto implica que o relixioso non só proporcionaba atención sacramental aos seus fregueses, senón que se erixía como «crego reitor» — e así aparece reiteradamente designado —, administrador dos bens que á igrexa eran propios e que, con certeza, han de ser herdeiros directos do haber que ao antigo mosteiro correspondía⁴⁰.

A relación de lugares que aparecen baixo a xestión directa do reitor do San Cibrao e que, por tanto, deben ter configurado o dominio do antigo *monasteriolo*

³⁶ AHN. *Clero regular- secular*, carp. 1481, doc. n.º 15 (RECUERO ASTRAY *et al*, 2000: doc. n.º 110).

³⁷ ACO. *Pergameos monacais, Santa María de Montederramo*, doc. n.º 57 (DURO PEÑA, 1977: doc. n.º 6).

³⁸ ACO. *Pergameos monacais, Santa María de Montederramo*, doc. n.º 757.

³⁹ A redacción do contrato incide na cuestión dos termos efectivos do couto de Santa Cristina. O lugar aforado delimitase polos termos das parroquias de Forcas e Pradomao pero tamén «*cum caucto Sancte Christine*». A diferenza da demarcación teórica do falseado documento rexio de 1249, esta referencia si fai alusión ao límite real do couto do mosteiro, entre as freguesías de Santiago de Edrada – de Santa Cristina – e as de Forcas e Pradomao – de Montederramo.

⁴⁰ En 1259, Sancho Pérez aparece como «*reitor ecclesie Sancti Cipriani de Penna*», e «*reutor da igreia de San Cibrao*» é Pedro Eanes cando menos entre 1314 e 1342, ao que substituirá Pedro Escribán, documentado entre 1347 e 1351 e, finalmente, Roi González, á fronte do San Cibrao da Pena en 1355.



Fig. 3. Propiedades e localidades dependentes da igrexa de San Cibrao da Pena

Fuente: elaboración propia

situáase de maneira maioritaria na súa contorna máis inmediata, pois afora bens nas freguesías de Sacardebois e Forcas — as que foron limítrofes coa igrexa da Pena — e só puntualmente en Pradomao — en Verengo — ou Chandrexa do Sil, onde dispón dos casais do Nogueiro e de Santo André. Na outra beira do Mao San Cibrao ten propiedades no lugar de Pipás, na parroquia de Cristosende. Adicionalmente, a colección diplomática que a San Cibrao da Pena se refire permite facer un recento, sequera aproximado, das localidades que se adscribían á parroquia — que estaban «so o seu syno», segundo o termo con que na época se expresaba —, e que da mesma maneira que as diferentes herdades se situaban a unha curta distancia da súa igrexa: cóntanse entre elas as aldeas de Margarida, Espartida — barrio de Barxacova — e aínda O Horto — inmediato ao San Lourenzo —, o que fala ás claras do compartimentado deste territorio ao longo da Idade Media, sen dúbida derivado da estreita relación — en ocasións, con bens compartidos — que entre si gardaban os *monasteriolo*s altomedievais.

Non obstante a doazón pola que Fernando II facía depender o antigo mosteiro de San Cibrao de Santa María de Montederramo, o encabezamento dos documentos expedidos polo reitor da igrexa da Pena indica unha realidade diferente ao que sería de agardar. O acto xurídico que este crego desenrole — normalmente, a concesión dun foro — non se fai de maneira autónoma, pois non era casa independente, pero non

é co consentimento do abade do mosteiro de Montederramo que se realiza⁴¹, como podería presupoñerse, senón dun dos cóengos do cabido catedralicio auriense e, máis en concreto, ante aquel que á sazón fose «tenente de Caldelas» ou «do préstamo de Caldelas». O reitor da igrexa da Pena conta, porén, con capacidade para se opoñer ás decisións daquel, como se certifica en 1324 cando o crego se nega ante o tenente a aforar o casal de Pipás a Lopo Méndez, pois «seeria en perigoo da mia alma e en dano da dita miña igreia»⁴².

Considero que a aparente contradición entre a doazón a Montederramo e a tutela efectiva polo cabido pode ser explicada poñéndoa en relación coa sentenza pola que o papa Urbano III ditaminaba a restitución a San Cibrao da súa comunidade monástica. É posible que o incumprimento desta resolución por parte de Montederramo tivese levado a unha intervención da diocese auriense — que non en van fora a promotora da queixa ante o pontífice — tomando para si certos dereitos sobre a parroquia da Pena.

Tal situación dará un importante xiro en 1355, coincidindo co ascenso a crego de San Cibrao de Roi González. Este renuncia á súa condición de reitor en beneficio do cabido de Ourense, o cal non reserva para si esa titularidade sobre a igrexa senón que a cede ao mosteiro de Montederramo, se ben coa obriga expresa de que este haxa de manter e dotar esta parroquia da Pena de canto for mester, así como de pagar os tributos que sobre ela fosen requiridos. Finalmente, Montederramo resolve crear a figura dun vigairo para a administración da igrexa — transitoria, pois será só durante o tempo da vida do elixido —, dignidade que recae no mesmo Roi González quen tiña renunciado ao cargo de reitor⁴³. Trátase dun proceso alambicado que agacha no seu desenrolo un acordo entre o cabido auriense e o propio mosteiro de Montederramo, quen pasa a dispor de dereitos íntegros sobre a igrexa da Pena. O enunciado do acordo ao que o mosteiro chega co antes reitor e agora vigairo deixa entrever a existencia dunha relación que nunca antes tiña sido expresada: unha vez asuma o seu novo cargo, Roi González levará os froitos e rendas derivados dos bens de San Cibrao, pero ha de satisfacer un pago anual a Montederramo de nove mollos de centeo — e aquí o máis relevante — en vez dos seis que viñan dando os reitores que ata o momento foran. A referencia a unha renda a entregar ao mosteiro por parte dunha igrexa tutelada polo cabido auriense está a indicar a existencia dunha sorte de avinza ou acordo entre as tres institucións involucradas mentres San Cibrao da Pena estivo baixo dependencia capitular.

⁴¹ Só nun caso Montederramo e o seu abade xestionan un ben de San Cibrao: o casal de Santo André en Chandrexa en 1274. Na redacción incídese en que dito casal non está directamente baixo autoridade do abade senón que o ten — en termos que non se reproducen, co que pode ter sido cedido ou doado — de San Cibrao (ACO. *Pergameos monacais, Santa María de Montederramo*, doc. n.º 1111).

⁴² ACO. *Pergameos monacais, Santa María de Montederramo*, doc. n.º 2076.

⁴³ ACO. *Pergameos monacais, Santa María de Montederramo*, doc. n.º 2667.

Desde este intre os foros de bens pertencentes á igrexa aparecen realizados baixo a conformidade e autorización do abade de Montederramo e, logo da morte de Roi González como reitor e vigairo perpetuo que foi, directamente outorgados por aquel, como se constata xa en 1371, cando o abade Xoán de Montederramo afora o casal do Horto, «casar que nos auemos ena frigisia de San Çibrao da Pena»⁴⁴.

Como manifesta esta última referencia, a perda de autonomía do San Cibrao non significou a súa desaparición como parroquia, condición que manterá cando menos ata mediados do século XV. A última vez que esta igrexa aparece citada como parroquial é en 1449, nun foro do lugar da Escalada, «que esta su o sino do San Çibrao da Pena»⁴⁵. Sen que, por mor dun importante baleiro documental, se poida dicir máis sobre o como, o cando e o porqué da súa extinción, a desaparición do San Cibrao como freguesía queda clara á altura de 1542, cando o lugar de Espartida — que en 1444 era «su o syno de San Çibraao» — aparece identificado como sito «so el signo de San Martinno de Sacardebueys»⁴⁶, parroquia esta de Sacardebois en cuxo beneficio se saldou a desaparición da de San Cibrao da Pena.

A perda da condición parroquial e o deterioro das dependencias do San Cibrao certificase en 1570, en dous foros emitidos na granxa de Santo Adrao⁴⁷. Nestes arrendábase en senllas porcións unha ampla extensión, a *fraga de San Salvador e San Çibrao*. Ao elocuente do nome con que se designa cómpre engadir os termos polos que se demarca, que supoñen unha parte moi substantiva do que debeu ser dominio directo do *monasteriolo* e da igrexa que del derivou: o rego de Cazafón — límite coa parroquia de Forcas —, a herdade do Barlamé — limítrofe con Sacardebois —, o lugar do Horto — barrio da aldea de San Lourenzo — e a herdade da Escalada — na ladeira cara ao Mao, lindeira con San Miguel.

Máis significativa é aínda a introdución dunha cláusula que indica o estado en que á sazón se encontraban os outrora mosteiro e eremitorio de San Cibrao e San Salvador, sitios dentro das demarcacións do foro e nel incluídos como calquera outro ben. Reducidos á condición de senllas ermidas, estas han de ser reparadas «de manera qu'esten linpias y honestas y bien tratadas, de manera que en ellas no entren los ganados»; disposición esta que habería de resultar innecesaria no caso de que mantivesen un culto regular, co que cómpre pensar que ambas se encontrarían nun avanzado proceso de desacralización.

Mosteiro, igrexa e finalmente ermida, San Cibrao ten neste foro de 1570 a súa derradeira referencia documental coñecida. Ábrese desde este momento un paréntese

⁴⁴ ACO. *Pergameos monacais, Santa María de Montederramo*, doc. n.º 2894.

⁴⁵ ACO. *Pergameos monacais, Santa María de Montederramo*, doc. n.º 4275.

⁴⁶ Respectivamente: ACO. *Pergameos monacais, Santa María de Montederramo*, doc. n.º 4201, e AHPOu. *Clero*, libro 404, fol. 476-v.

⁴⁷ AHPOu. *Clero*, libro 416, fols. 36-v a 39-r.

de dous séculos ata que, xa ben avanzado o século XVIII, unha nova fonte achegue información sobre este mesmo entorno, se ben baixo unha nova advocación.

Dentro dos censos adicionais ao interrogatorio xeral do Catastro do Marqués de Ensenada, e en concreto no libro Real de Leigos correspondente á parroquia de San Martiño de Sacardebois — lémbrese que é nesta que se integran os bens da extinta igrexa da Pena — un dos capítulos corresponde coa relación de bens referida aos lugares de Bouzas e Margarida. Na declaración de haberes de Francisco Álvarez, este afirma traballar diversas propiedades aforadas ao mosteiro de Montederramo, e nese mesmo lugar posuía «un monte en San Víctor», de catro maquías e calidade única que, entre outros lindeiros, delimitaba ao mediodía coa «capilla de San Victorio»⁴⁸.

O proceso polo que a antiga ermida do San Cibrao foi reocupada coa nova advocación do San Vitor — ou, con maior propiedade, o «San Vitor», pois é desta maneira en que os veciños se refiren — non deixou pegada documental ou arqueolóxica que permita a súa reconstrución. En calquera caso, a refundada capela non tivo unha longa continuidade temporal, como o testemuña — pechando o círculo deste artigo — a publicación de Arias Sanjurjo en 1914, na que inicia a súa presentación do San Vitor referindo como un ancián do lugar «en su juventud lo había destruído en unión con otros mozos, arrojando las piedras de los muros por el precipicio sobre que se hallaba la capilla; según él, eran éstos de la altura de una persona». Por máis que sexa evidente a diferente esperanza de vida entre 1914 e os tempos actuais, o ancián relata a demolición, conveñamos por volta de 1860-70, do que xa non era máis que a ruína do antigo templo no que tiña recibido honras san Vitor, de tal xeito que, para motivar este deterioro, o seu abandono debeu ter acaecido na primeira metade do século XIX.

Esquecido o culto na capela e derruído o seu edificio, a devoción a san Vitor non desapareceu na comarca. Padroeiro inhabitual nas advocacións de parroquias galegas, san Vitor recibe culto na actualidade nunha freguesía próxima e que xa foi referida nestas liñas: San Xoán de Seoane Vello. O antigo emprazamento do mosteiro de Montederramo antes da súa refundación e reasentamento como casa cisterciense na honra de Santa María continuou a súa existencia como granxa da nova comunidade e, finalmente, como simple parroquia. Como está a indicar con toda claridade a redundancia do nome — San Xoán de *Sant'Iohane*, co cualificativo *Vello* facendo alusión á antiga casa monástica — o seu padroeiro non é o san Vitor, se ben é este o santo venerado na parroquia, e do cal se custodian nesta dúas tallas en madeira. A celebración non pode vir de antigo por canto a advocación da freguesía continúa a ser a tradicional, o que abre a porta a que a devoción que na derruída capela se tivese suscitado arredor do santo se tivese trasladado a este novo emprazamento augas arriba do Mao. Reforza esta

⁴⁸ AHPOu. *Catastro del Marqués de Ensenada*, libro 461, fol. 23v.

Evidencias arqueolóxicas	San Cibrao (documentos)	San Vitor
c.900: foxo de fundición de campás		
c.960: enterramento en tumba privilexiada	977: primeiro abade documentado	
	1095: última referencia a abade	
c.1100: abandono da necrópole	1170: baleiro. Doazón a Montederramo	
Materiais baixomedievais	1257-1371: igrexa baixo crego reitor	
s.XV: últimos restos datados (moedas)	Parroquia testemuñada ata 1449	
	1570: ermida. Edificio en pé, xa sen culto	
		c.1760: Catastro de Ensenada. Capela do San Vitor
c.1860: destrución das ruínas da capela		
		Momento indeterminado: Culto a San Vitor en Seoane de Montederramo

Cadro 1. Cadro cronolóxico comparativo: San Cibrao- San Vitor

Fuente: elaboración propia

teoría, desde unha perspectiva etnográfica, a ofrenda que os veciños do lugar acostuman facer ao santo no día da súa festa grande, o 29 de agosto: o primeiro cacho de uvas maduras das súas colleitas. Nada tería de extraordinario de non ser porque no entorno de Montederramo, na cota dos 900 m, o viñado é un cultivo simplemente inexistente, e estas uvas proceden das propiedades que, aínda hoxe, os veciños da contorna cultivan na Ribeira, maioritariamente nas inmediacións de San Miguel⁴⁹.

Considero xustificada a premisa coa que iniciaba este apartado: a identidade entre San Cibrao e San Vitor, dúas denominacións distintas que, en momentos diferentes, fan referencia a unha mesma realidade. Mais graficamente a secuencia de acontecementos entre un e outro pode verse no Cadro 1.

Cómpre pechar este recorrido pola historia deste enclave relixioso volvendo atrás, ás lendas de transmisión oral que versan sobre o San Vitor, a súa historia e as xentes que a el se vinculaban. Se sobre o seu devir histórico arqueoloxía e documentación se combinan para en boa medida encher os baleiros de información e ofrecer un relato con poucos cabos soltos, a dúbida está permitida no referente aos destinatarios dos enterramentos da necrópole rupestre. A dimensión desta podería facer pensar que constituíse un lugar central espiritual e funerario para a contorna, co que terían recibido

⁴⁹ É frecuente na documentación correspondente a San Miguel encontrar foros nos que o beneficiario era morador nas localidades da parte alta da comarca. Tal fenómeno debe terse perpetuado historicamente e chegou ata a actualidade: varios propietarios de viñas nesta ladeira de San Miguel son veciños de Montederramo, herdeiros daqueles que as terían traballado deste antigo e que as adquirirán nos procesos desamortizadores no século XIX.

sepultura nela os fieis ou vasalos dos distintos *monasteriolos* que neste artigo se referiron. Esta hipótese, porén, ha de quedar descartada ou cando menos moi matizada en virtude ás informacións que refiren os veciños sobre San Miguel, lugar no que décadas atrás, ao pór de viña diferentes socalcos, saíron á luz «tumbas como as do San Vítor», en palabras daqueles que as viran. Nada se sabe de necrópole ningunha vinculada ao Santo Adrao, pero é razoable pensar que o San Lourenzo tivese contado con camposanto de seu desde antigo, do que o cemiterio actual fose o directo sucesor adaptado aos usos e costumes que substituíron aos enterramentos en rocha e ata a actualidade.

A necrópole sobre a que versa este artigo parece, polo tanto, ter sido o lugar de enterramento daqueles vinculados ao antigo mosteiro de San Cibrao, dependentes da institución monástica ou moradores no seu dominio. A diferenza do que a tradición oral sostén, o culto no lugar non quedou marxinado en favor de San Lourenzo senón que, como se viu, unha vez suprimida a vida cenobítica en San Cibrao este perdurou como a igrexa parroquial da Pena, de cuxo cemiterio baixomedieval nin as fontes escritas nin as diversas campañas de escavación arqueolóxica deixaron noticia.

Estas diverxencias entre a tradición oral e as informacións que textos escritos e realidade arqueolóxica forneceron ao longo das investigacións non obstan para concluír que, desde a Alta Idade Media e ao longo dos séculos, as diferentes institucións relixiosas da contorna — aínda que só o San Lourenzo chegase a tempos presentes — deixaron unha indubidable pegada tanto na configuración espacial destas terras como na construción simbólica e ideolóxica dun territorio, no que a necrópole aquí presentada xogou un papel, sen dúbida, primordial.

FUENTES

Arquivo da Catedral de Ourense

ACO. *Pergameos monacais, Santa María de Montederramo*. Doc. n.º 7, 1111, 1984, 2076, 2667, 2894, 4201 y 4275.

Archivo General de Simancas

AGS. *Catastro del Marqués de Ensenada*. Libro 229.

Arquivo Histórico Provincial de Ourense

AHPOu. *Clero*. Libro 404, 416 y 461.

Archivo Histórico Nacional

AHN. *Clero secular-regular*, carp.1496. Doc. n.º 12.

BIBLIOGRAFÍA

ANDRADE CERNADAS, José Miguel (1995). *O Tombo de Celanova*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. 2 vols.

ANDRADE CERNADAS, José Miguel (1997). *El monacato beneditino y la sociedad de la Galicia medieval (siglos X al XIII)*. Sada: Seminario de Estudios Galegos- Edicións do Castro.

- ARIAS SANJURJO, Joaquín (1914). *Una excursión a la Ribera Sagrada*. In *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, Tomo 5. Orense, pp. 49-57.
- DURANY CASTRILLO, Mercedes (2006). *San Pedro de Montes en la Edad Media*. In *Actas. San Pedro de Montes. Luz en la memoria*. Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos, pp. 29-77.
- DURO PEÑA, Emilio (1972). *Catálogo de documentos reales del Archivo de la Catedral de Orense (844-1520)*. «Miscelánea de Textos Medievales». 1, 9-146.
- DURO PEÑA, Emilio (1977). *El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Deputación Provincial.
- FERRO COUSELO, Jesús (1967). *Monjes y eremitas en las riberas del Miño y del Sil*. «Bracara Augusta». 21, 199-214.
- FREIRE CAMANIEL, José (1998). *El monacato gallego en la Alta Edad Media*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2 vols.
- GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga (1988). *La organización administrativa territorial de la antigua provincia de Ourense a mediados del siglo XVIII*. «Boletín Avriense». Anexo n.º 10.
- GARCÍA TATO, Isidro (2004). *Las encomiendas gallegas de la Orden militar de San Juan de Jerusalén. Estudio y edición documental*. Tomo I. *Época medieval*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos 'Padre Sarmiento'; C.S.I.C.; Xunta de Galicia.
- GARCÍA TATO, Isidro; ÁLVAREZ ÁLVAREZ, Eleutino (2010). *Las encomiendas gallegas de la Orden militar de San Juan de Jerusalén. Estudio y edición documental*. Tomo II-a. *La encomienda de Quiroga*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos 'Padre Sarmiento' – C.S.I.C. – Xunta de Galicia.
- LEIRÓS FERNÁNDEZ, Eladio (1951). *Catálogo de los pergaminos monacales del Archivo de la S.I. Catedral de Orense*. Santiago de Compostela: El Eco Franciscano.
- MATTOSO, José (1992). *Portugal medieval: novas interpretações*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- NIETO MUÑIZ, Eduardo-Breogán; RODRÍGUEZ MUÑIZ, Víctor (2014). *A necrópole de San Vitor (San Lourenzo de Barxacova, Parada de Sil, Ourense). Algo máis ca unha necrópole rupestre*. In LÓPEZ QUIROGA, Jorge; MARTÍNEZ TEJERA, Artemio, ed. *In concavis petrarum habitaverunt. El fenómeno rupestre en el Mediterráneo Medieval: de la investigación a la puesta en valor*. Oxford: British Archaeological Reports, pp. 84-116.
- PARADELA, Benito (1933-1935). *Documentos del Monasterio de Montederramo*. «Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense». 10, 203-220.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier (2002). *La diócesis de Orense: de la reforma gregoriana al Concilio de Trento (siglos XII-XVI)*. In GARCÍA ORO, José, dir. *Historia de las diócesis españolas*. 15. *Iglesias de Lugo, Mondoñedo-Ferrol y Orense*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, pp. 395-469.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier (2008). *Mosteiros de Galicia na Idade Media (Séculos XII-XV). Guía histórica*. Ourense: Deputación Provincial-Fundación Caixa Galicia.
- RECUERO ASTRAY, Manuel et al. (1998). *Documentos Medievales del Reino de Galicia: Alfonso VII (1116-1157)*. Xunta de Galicia.
- RECUERO ASTRAY, Manuel et al. (2000). *Documentos Medievales del Reino de Galicia: Fernando II (1155-1188)*. Xunta de Galicia.
- RIVAS FERNÁNDEZ, Xosé Carlos (2004). *Mosteiros prerrománicos ourensáns*. In *Ribeira Sacra. Esencia de espiritualidade de Galicia*. Xunta de Galicia, pp. 57-78.
- RIVAS FERNÁNDEZ, Xosé Carlos (1981). *Vestigios prerrománicos de algunos olvidados monasterios y eremitorios orensanos*. «Boletín Avriense». 11, 49-100.
- RODRÍGUEZ MUÑIZ, Víctor (2010). *O mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil na Idade Media*. «Boletín Avriense». Anexo 32.
- SUÁREZ GONZÁLEZ, Ana (2012). *Notas «de viaje» sobre un libro viajero (Arouca, Museu de Arte Sacra, Livro L-Ms.19)*. «Rudesindus». 8, 87-114.